



XOSÉ MANUEL OTERO

Con nome proprio

6 xuño - 30 xullo - 2022
Museo Provincial de Lugo

XOSÉ MANUEL OTERO

Fotógrafo. Lugo



Iniciase no mundo da fotografía tratando fundamentalmente temas etnográficos. Coa madurez, evoluciona a temas minimalistas e abstractos, onde predomina o entorno urbano, salpicado case sempre pola figura humana.

No relativo á técnica, aposta decididamente polos procesos químicos de branco e negro coma un valor engadido ao seu traballo.

A súas obras expuxéronse en museos, casas da cultura e salas particulares e públicas en A Coruña, Lugo, Ourense, Barcelona, Braga, Gijón, Madrid.

Por último, ten obra espallada en distintos libros, revistas e follatería diversa.

Auras

O rastro que deixamos podería lerse, traducido a linguaxe visual, nunha eterna serie de sucesivos rostros ou máscaras que reproducisen cada instante das nosas vidas. Todo o noso ser estaría concentrado nesas imaxes. As pegadas do paso do tempo, a xestualidade e as emocións quedarían reflectidas nese hipotético e virtual rostrograma que só o foco dunha cámara fotográfica sería quen de rexistrar. Amais, cada unha e todas esas posibles instantáneas abundarían en información precisa sobre o noso estado físico e tamén sobre o noso ánimo psicolóxico.

Mais, aínda que a tecnoloxía permite esa sucesión case infinita de instantáneas, sabemos que un só un deses instantes pode reunir datos suficientes para contar como somos. Abonda esa única revelación destapada ou roubada por un flash para saber de nós porque un retrato fotográfico non é o resultado da capacidade técnica dunha máquina senón dunha decisión de alguén que acciona esa máquina capturando o momento idóneo.

Desde os seus inicios, na primeira metade do s. XIX, a arte do retrato fotográfico revolucionou a forma de vernos. Nos primeiros tempos, as persoas retratadas tiñan que someterse a eternos posados e permanecer moitos minutos inmóbiles, atadas literalmente durante longos tempos de exposición para que o resultado no daguerrotipo non quedase reducido a nun cúmulo de manchas escuras. Aqueles retratos parecíanse demasiado

aos que facían os pintores, só reproducían un rostro ou un corpo ríxido e circunstancial nun decorado preestablecido. Ademais eran caros; un luxo reservado só a potentados.

Hoxe en día, en cambio, ese rexistro fotográfico que podería reproducir unha copia exacta e fiel de cada remuda dos nosos rostros non nos esixe posados nin sequera seguir complicadas preparacións. Abonda agardar un microsegundo a que o soporte de papel ou dixital nos devolva, estático iso si, o noso rostro.

Reparen no mito que afirma que certos pobos aborixes cren que a instantánea fotográfica rouba ou secuestra a alma do retratado. Non sei se lembran a Guido Boggiani, o pintor italiano que se perdeu na selva paraguaia a principios do século XX, e que pagou coa vida non respectar esa crenza. Cando o aventureiro de Taramundi José Fernández Cancio foi na súa busca atopou o seu corpo coa cabeza acernada, soterradas ambas partes xunto coa cámara fotográfica que levaba.

Eu, en cambio, creo que as cámaras fotográficas non rouban almas pero que si atrapan ou engaiolan auras, esa especie de atmosfera, alento, nimbo ou brisa que rodea os nosos corpos como un halo, visible para algúns, invisible para todos os demais. E todo isto, quizais excesivo en circunloquios, para acabar dicindo que os retratos que aquí nos ofrece Xosé Manuel Otero teñen aura.

Disto xa falou con máis criterio o pensador alemán Walter Benjamin ala polo ano 1930. Nun ensaio titulado “Pequena historia da fotografía” escribiu que “Na expresión fugaz dun rostro humano nas fotografías máis antigas irradia a aura por última vez”. Como

dicindo, ou iso quere entender quen isto escribe, que a fotografía captura a beleza, a máxima beleza posible nese instante. Máis adiante Benjamin levaranos por camiños que falan do declive da aura, consecuencia ao seu parecer, da reproductividade.

Volvamos a estes retratos de Xosé Manuel Otero e digamos algo máis. Todos eles e elas son personaxes, homes e mulleres, como di o título da exposición “Con nome propio”, persoeiros sobranceiros en moi variados campos relacionados co ensino, coa arte, música, fotografía, cine ou literatura e, en xeral, coa creación e xestión cultural. Digamos tamén que a inmensa maioría son lucenses de nación ou de adopción, agás uns poucos, deles uns cantos xa lamentablemente desaparecidos.

Xosé Manuel Otero é un fotógrafo experto. A súa traxectoria como tal así o evidencia. A súa predilección pola imaxe en branco e negro como avantaxado alumno da escola clásica que xoga con mestría cos contrastes fecundados por luces e sombras queda nesta mostra ben patente. Todo o misterio, enigma que só un mestre pode revelar, do seu universo expresivo está concentrado nos efectos dun golpe de luz.

Un retrato é un diálogo entre a persoa retratada e o fotógrafo en primeiro lugar pero tamén, en segunda instancia, co espectador, con quen pode contemplar e interrogar esa fotografía. Por certo, o retratado e o espectador poden ser a mesma persoa o que a induciría a reflexións e introspeccións de inimaxinables pero seguro que interesantes consecuencias. Unha conversa no que todo conta, sobre todo obviamente a luz que ilumina miradas, engurras, mans, xestos e sorrisos, até a indumentaria

e adobíos de cadaquén, e as sombras que insinúan efectos dramáticos, emocións, estados de ánimo...

Ademais da aura da que falabamos, impregnada en cada imaxe, hai algo de máxico nesa comunicación que ten moito ou todo que ver co momento que o fotógrafo elixe para fixar a instantánea. Quizais sexa a aparencia que o fotógrafo desexa resaltar de cada retratado, ou a esencia, a natureza de seu, intransferible, o que nos quere amosar de cada un.

Todos estes personaxes 'Con nome propio' teñen unha historia, unha biografía que na maior parte dos casos coñecemos con certo detalle, que se complementa co relato que se transparenta na imaxe que nos ofrece Otero. Non hai artificio senón certezas, verdades que nos din, con sosego, en harmonía, quen son e como son.

Parabéns a Xosé Manuel Otero por ofrecernos esta galería de retratos e por traelos ao Museo Provincial de Lugo onde, estou ben seguro, serán admirados como o que son, o resultado do percorrido vizoso dun artista maduro que captura auras atrapadas na luz e nas sombras da súa cámara.

Tiña razón aquel personaxe de Cunqueiro que se queixaba de que non lle deixasen renovar o carné de identidade cunha foto que lle fixera Pernas, o pintor e fotógrafo mindoniense, vinte anos atrás. Naquela antiga foto recoñeciase! Tiña aura! Na que lle fixeran daquela, aparte de ser máis vello, non sabía se o era ou non!

Antonio Reigosa
Lugo, xuño de 2022

- 6 | Adolfinia Mesa
Antón L. Rivas - Mago Antón
- 7 | Antón Reixa
Antonio Reigosa
- 8 | Ánxela Gracián
Aurelia Balseiro
- 9 | Carlos Valcárcel
Christian Villamide
- 10 | Chus Pato
Cristina Bamio
- 11 | Darío Xoán Cabana
Dolores Guerrero
- 12 | Eduardo R. Ochoa
Esther Lemos
- 13 | Eva Xanín
Iago Eiros
- 14 | Isaac Díaz Pardo
Isidro Novo
- 15 | Juan José Lomarti
Luis Dávila
- 16 | Luis Tosar
Luz Darriba

- 17 | Manolo Rivas
Margarita Ledo Andión
- 18 | María Reimóndez
Marilar Aleixandre
- 19 | Miguel A. Macía
Paco Martín
- 20 | Paco Pestana
Quique Bordel
- 21 | Quique Muruais
Ramón Vilares
- 22 | Sesé Santiso
Toño Núñez
- 23 | Víctor Freixanes
Xesús Alonso Montero
- 24 | Xoán Guerreiro
Xosé Gago
- 25 | Xosé L. Rivas - Mini
Xosé Manuel Peña Romay
- 26 | Xosé Neira Vilas
Xurxo Lobato



Adolfina Mesa



Antón L. Rivas - Mago Antón



Antón Reixa



Antonio Reigosa



Ánxela Gracián



Aurelia Balseiro



Carlos Valcárcel



Christian Villamide



Chus Pato



Cristina Bamio



Darío Xoán Cabana



Dolores Guerrero



Eduardo R. Ochoa



Esther Lemos



Eva Xanín




Iago Eiros



Isaac Díaz Pardo



Isidro Novo



Juan José Lomarti



Luis Dávila



Luis Tosar



Luz Darriba



Manolo Rivas



Margarita Ledo Andión




María Reimóndez



Marilar Aleixandre



Miguel A. Macía



Paco Martín



Paco Pestana



Quique Bordel



Quique Muruais



Ramón Villares



Sesé Santiso




Toño Núñez



Víctor Freixanes




Xesús Alonso Montero



Xoán Guerreiro




Xosé Gago




Xose L. Rivas - Mini



Xosé Manuel Peña Romay



Xosé Neira Vilas



Xurxo Lobato

DEPUTACIÓN DE LUGO

VICEPRESIDENCIA

Tareixa Antía Ferreiro Tallón

REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL

Encarna Lago González

Xerente

MUSEO PROVINCIAL

Aurelia Balseiro García

Directora

EXPOSICIÓN

COORDINADORA

Aurelia Balseiro García

MONTAXE

Responsable montaxe exposición RMPL

AGRADECEMENTOS

Aurelia Balseiro García

Encarna Lago González

Antonio Reigosa Carreiras

Alfredo Bongiani

Emilio Otero Castro

Magola ebanistería

Museo Provincial de Lugo

E a tódolos persoeiros que me adicaron
un instante para poder facer os retratos

Sala de Exposicións do Museo Provincial
de Lugo
xuño-xullo 2022

CATÁLOGO

EDICIÓN

Xosé Manuel Otero

COORDINACIÓN

Aurelia Balseiro García

TEXTOS

Antonio Reigosa

Xosé Manuel Otero

FOTOGRAFÍAS

Xosé Manuel Otero

DESEÑO E IMPRESIÓN

Emilio Otero

La Voz de la Verdad

D.L. LU 68-2022

2022 © da edición, Xosé Manuel Otero

© dos textos, os autores

© das fotografías, Xosé Manuel Otero

Con nome propio

A idea dunha recompilación de retratos das mulleres e homes da cultura galega actual hai unha ducia de anos que me rolda pola cabeza. Inicialmente tratábase dunha homenaxe ao mundo da cultura nun punto temporal determinado: cambio de milenio. Sería unha foto fixa dalgunhas das mulleres e homes que nos albores do novo milenio están sachando polo florecemento da cultura galega.

A idea sempre foi a de tomar retratos informais, que aportaran diversidade de miras e nas que o persoeiro non se sentira intimidado por unha foto ao uso.

Non limitei os autores por ningún tipo de disciplina ou actividade artística, e así retratei escritores, tanto poetas como narradores; artistas plásticos, pintores, escultores, fotógrafos, debuxantes, músicos, magos...